

A. INTRODUCCIÓN

TRABALLANDO EN FEMININO foi un proxecto que se levou cabo ao longo deste curso no CEP Santa Mariña, un centro de case 400 alumnas e alumnos e máis de 30 mestras e mestres.

Este proxecto educativo realizouse en todo o centro e contamos con todo o profesorado, ademais de todos os equipos do centro salientando a colaboración especial do equipo de Biblioteca e a súa coordinadora, comunidade educativa e outras organizacións.

Cabe destacar tamén que para levalo a cabo tivéronse en conta os outros proxectos do centro: Donas de si (Proxecta), Plan lector e Plan escritor (Biblioteca), Proxecto de Fomento do Galego (Normalización lingüística), Plan TIC, Proxecto de Robótica, Radio Escolar (TIC), Plan de técnicas de estudo (DO) Proxecto Imos Xogar baseado nos Patios e parques dinámicos xa que estamos acreditados por Gey Lagar para implementar o seu programa como ferramenta de inclusión social.

Este proxecto implicou en todo o centro un sistema de traballo globalizado e interdisciplinar que permitía desenvolver o currículo e fomentar a adquisición das competencias clave a través de diferentes actividades en todas as materias. O proxecto íase coordinando semana a semana nas reunións de equipos coas directrices de Biblioteca e concretando nas dos equipos de nivel.

A planificación xeral tivo lugar a principio de curso. Partindo da proposta da Biblioteca todos os equipos fixeron aportacións que foron levadas polos coordinadores a unha reunión de coordinadores que tivo lugar coa xefa de estudos. Nesa reunión acordáronse as conmemoracións que íamos celebrar de maneira conxunta e relacionar co tema do proxecto, ademais das que se incluíron nas diferentes programacións de Nivel. Estas propostas fóronse concretando e revisando durante o ano.

A continuación tamén se recolle unha táboa resumo relacionando as tarefas, materias (no resumo só aparece lingua Castelá e Galega pero traballamos do mesmo xeito en todas as materias) e equipos implicados no desenvolvemento das mesmas, así como a contribución que fan ao desenvolvemento do currículo e a adquisición das competencias clave. Escollemos aqueles estándares relacionados co proxecto e que se repiten de modo xeral en todos os niveis por iso a continuación so recolleemos un diferente de cada nivel.

ÁREA NIVEL	EQUI.	Nº	OB.	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	C.CLAVE
1º LC	Nivel Biblio. EXT	To - das	a,d e,m	B1.11. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL CSC
2º LC	Nivel Biblio. TIC	1,2 4,6 7,8 9, 11,	b , e i	B2.10. Uso guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento igualmente guiado, da información.	B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información	CCL CD CAA
3ºLC	Nivel Biblio. TIC EXT	19 — 24 20	e i	B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.	B2.5. Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información... necesarios para as súas tarefas.	CCL CD CAA
4ºLG	Nivel EXT	5 13 16	a c e	B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto...	B1.4. Manter unha actitude de escoita activa...	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais...	CCL CSC

		17					
		18					
4° LG	Nivel EXT	22 15 21	b d e	B5.7. Dramatización e lectura drama-tizada de situacións de textos literarios adaptados...	B5.5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados...	LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados...	CCL
5° LG	Nivel Biblio. TIC	25 10	b d e i j	B3.6 Uso das Tic con certa autonomía, na busca de información..... e realización de presentacións.	B3.5 Usar as Tic con certa autonomía, na busca de información..... e realización de presentacións.	LGB 3.5.1 Busca e selecciona información en diferentes fontes... LGB35.4 Utiliza as TIC ... para realizar presentación elementais.	CCL CD CAA CSIEE
6° LG	Nivel Biblio. N.L. EXT	1,3 12 21 23	a b e	B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.	B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto... LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia... LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación... e usa unha linguaxe non sexista.	CCL CSC CCEC CCL CAA CSIEE

Nº : Indica o número de tarefa coa que está asociada esa parte do currículo. A relación de tarefas aparece especificada no punto 6 desta memoria.

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓNS PROPOSTOS

Traballando en feminino é un proxecto que parte do tema do centro que foi proposto e elixido polo alumnado a finais do curso pasado como referente para as liñas de actuación do PLAMBE.

A partir deste tema que lle dá cohesión a todo o noso labor educativo, os diferentes niveis levan a cabo proxectos máis concretos que fan referencia ao tema central e a todos os outros proxectos que se desenvolven no centro durante o ano, contando co apoio e colaboración dos diferentes equipos destacando de maneira especial a Biblioteca.

Deste xeito partimos dos intereses das nenas e nenos que fomos concretando ao longo do curso a través das diferentes tarefas, actividades e exercicios encamiñadas a cubrir as súas necesidades e expectativas.

Con este proxecto pretendemos que o alumnado, a partir da investigación, se conciencie da importancia da igualdade de xénero e deste xeito forme parte dunha sociedade máis xusta e respectuosa coas diferenzas e facéndoo consciente das actitudes sexistas que existen aínda.

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O primeiro paso no deseño dunha planificación sempre pasa pola recollida de información e posterior formación xeral previa para poder elaborar unha planificación do curso. Deste xeito, desde o equipo de biblioteca comezamos buscando bibliografía relacionada coa coeducación, o feminismo e os roles de xénero. Así por un lado mercáronse moitos exemplares novos para abordar esta temática e ademais tamén buscamos enderezos na internet que nos servisen de apoio e como recursos tamén a ter en conta. Toda esta documentación estivo a disposición do equipo docente para facilitarlles o traballo.

O segundo paso foi o de predeseñar as conmemoracións obrigatorias anuais do calendario escolar en relación coa temática da muller, é dicir, abordar o Samaín, a Constitución, os dereitos da Infancia, o entroido,... desde unha perspectiva de xénero. Para facelo máis enriquecedor e participativo, parte deste traballo foi repartido entre os diferentes niveis para que propuxesen ideas a

realizar por todo o centro ou polos que se determinasen. Debemos explicar que como son moitas as conmemoracións do calendario escolar, algunhas delas non foron abordadas intensamente por todos os niveis senón que cada nivel escolleu varias para afondar máis nelas.

Para isto tivemos que documentarnos constantemente primeiro o profesorado e posteriormente organizar a información para o alumnado. Para documentarnos contamos coa biblioteca, que nos proporcionou os recursos e fondos necesarios relacionados co tema,

A didáctica que aplicamos na aula sempre estivo encamiñada á acción e polo tanto ao desenvolvementos das diferentes competencias e non á acumulación de contidos do xeito tradicional. Así, o obxectivo final era o de cambiar e inculcar actitudes e comportamentos respectuosos coas diferenzas de xénero no noso alumnado polo que tivemos que fomentar actitudes de análise e reflexión sobre a aprendizaxe que ían facendo. .

O noso centro aposta pola aprendizaxe activa do alumnado e en consecuencia o profesorado basea a súa práctica docente en metodoloxías motivadoras nas que é fundamental a implicación do alumnado, para que este aprenda por descubrimento e de forma significativa. Para conseguilo empregan entre outras a aprendizaxe por proxectos como aliados.

O proxecto presentáselle ás nenas e aos nenos de forma moi coidada, para motivar e captar a súa atención. Unha vez que están implicadas e implicados e amosan interese polos temas a tratar, introdúcense no día a día con actividades vivenciais onde elas e eles son as e os protagonistas e marcan polo tanto o camiño a seguir. As familias tamén teñen unha función importante, pois as rapazas e rapaces pídenlles colaboración de moi diferentes formas: aportando documentación, fotografías, folletos, obxectos, disfraces... chegando tamén a acudir ao centro a aportar coñecementos, habilidades ou experiencias...

Como mencionamos antes ademais dos proxectos empréganse outras metodoloxías para fomentar a aprendizaxe activa onde as vivenciais e experiencias son as protagonistas do seu quefacer diario nas que as rapazas e rapaces teñen que facer, tocar, sentir, experimentar e incluso vivir o que están a traballar para poder entendela e aprender de forma significativa e así poder aplicalo. Para isto,

inténtase abrir o centro á contorna todo o posible, de non ser viable créase nas aulas esa realidade da que estamos a falar. Deste xeito garántese que a manipulación e experimentación sexan actividades diarias favorecedoras da aprendizaxe de todo alumnado, sexa cal sexa a zona de desenvolvemento próximo de cada alumno ou alumna.

Destacamos outras metodoloxías activas como:

A gamificación en actividades como os escapes room sobre a Constitución

Xogos de rol en actividades como a Interpretación de escenas da vida das mulleres Premios Nobel da Paz.

Pensamento visual en actividades como os murais e análise de diferentes fontes gráficas.

O noso centro está moi implicado dende hai anos coa inclusión de todo o alumnado ao que favorecen estas metodoloxías pero ademais facemos especial fincapé no traballo cooperativo. En xeral en moitos niveis do centro trabállase de xeito cooperativo polo que cada membro contribúe ao grupo e sempre funcionan como equipo. Entenden que cada alumna ou alumno ten a súa idiosincrasia e que deben atender as necesidades específicas de cada un deles respectando as súas diferencias de ritmo, capacidade, sociabilidade... conformando grupos heteroxéneos que funcionan de xeito autónomo chegando sempre a acordos e que ao mesmo tempo forman parte dun grupo clase con cohesión.

Ademais das metodoloxías activas para favorecer a inclusión de todo o alumnado o centro traballa adaptando todo tipo de recursos e materiais e emprega entre outros pictogramas (cos que o alumnado do noso centro está moi familiarizado) e lingua de signos.

A fin última de todas as prácticas expostas anteriormente é conseguir día a día o fomento da autonomía no alumnado, que aprendan a convivir e a resolver os conflitos ou obstáculos que poidan xurdir e a ir conformando habilidades mentais que contribúan a unha aprendizaxe plena das competencias

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO

Como xa explicamos no apartado anterior, todo o profesorado do centro estivo implicado de cheo neste proxecto que foi o centro de partida de todas as actividades propostas.

A pesar de que todas e todos traballamos, indiscutiblemente a problemática de xénero, nun proxecto global de centro tamén se traballaron nas aulas diferentes subproxectos de investigación sobre mulleres relevantes como: inventoras (en 3º), pedagogas de Redondela (en 1º) , activistas (en 5º), Mulleres relevantes na historia da música, Mulleres científicas do entorno etc.

As funcións do profesorado foron moi diversas pero se temos que destacar algunha foi a de captar o interese do alumnado polo traballo desenvolvido na aula e ser as e os guías da súa aprendizaxe. Procurouse traballar sempre de xeito coordinado e de forma cooperativa servindo así de modelo para o alumnado. Entre outras funcións destacamos:

- Investigar sobre as diferentes motivacións do alumnado para lograr captar o interese.
- Crear todo tipo de recursos: fichas, textos , xogos, actos, bailes, festas...
- Como non seguimos ningún libro de texto ou guía predeseñada senón que o proxecto vámolos facendo co alumnado tendo deste xeito que elaborar todo o material para o que se precisou:

- Buscar documentos, presentacións...Para poder ser as e os guías do proxecto debemos estar informados e formados sobre os temas que imos tratar polo que debemos ler e documentarnos todo o que poidamos e, ademais, buscar ou elaborar outros para transmitir esta información dun xeito adecuado.
- Contactar con diferentes profesionais. Para o desenvolvemento do proxecto tamén tivemos que contactar con outros profesionais para que nos asesorasen. Tamén asociacións feministas como *Paxaretas* ou *Xanela* (xa extinguida) nos axudaron con actividades puntuais nas que viñeron ao centro, obradoiros do concello e saídas pola contorna próxima con actividades relacionadas co tema do centro.

A nosa ANPA, sempre disposta a botar unha man, entre outras colaboracións participou na gravación dos vídeos sobre a brecha salarial que editamos para o 8 de marzo.

- Implicar ás familias.

O traballo diario do profesorado foi dirixido a desenvolver tarefas que favorecesen a adquisición das competencias clave partindo da propia realidade do alumnado. Para isto con cada conmemoración escollida fixemos diferentes actividades. Cabe destacar a gran colaboración das familias que se implicaron en todo momento.

Nas reunións semanais dos equipos que nalgúns momentos tiveron que ser quincenais, organizabamos as liñas e temas e repartiamos o traballo por niveis.

Ademais da coordinación presencial tamén utilizabamos outras canles para comunicarnos e coordinarnos como whatsapp , google drive, correo electrónico...

Entre a documentación que elaboramos para o alumnado podemos destacar os textos de comprensión lectora sobre diferentes mulleres relevantes: as fichas de investigación das diferentes materias, a información xeral ou concreta sobre aspectos destas conmemoracións adaptada ás súas idades, os problemas matemáticos contextualizados...

.Na documentación anexa a esta memoria pódense ver algunhas das actividades ou materiais elaborados.

E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

Este proxecto desenvolveuse desde o mes de setembro ata xuño do presente curso 2018-2019.

A temporalización que se determinou estivo marcada polas conmemoracións que veñen dadas polo calendario escolar. Ademais, en cada nivel o profesorado deseñou a súa propia programación para incluír nesta as actividades relacionadas coa problemática de xénero. Así houbo moitos niveis que levaron a cabo proxectos relacionados coas mulleres (de Redondela en 1º, en 2º A muller a través da historia: do Paleolítico á antiga Roma, inventoras en 3º, esquecidas en 5º e históricas en 6º) e todo coordinado desde a biblioteca.

De xeito resumido e sen entrar nos proxectos concretos as tarefas anuais foron:

Nº	TAREFAS	TEMPORALIZACIÓN	EXPLICACIÓN
1	Celebremos o Samaín (de 1º a 6º)	Outubro- novembro	Investigamos sobre Mary Shelley, dramatizamos contos de medo e creamos o Monstro Comemedos (comía os medos do alumando).
2	Día dos dereitos da infancia (de 1º a 6º)	Novembro	Investigamos e creamos un mural cos dereitos da infancia co libro O Lapis de Malala.
3	Día Internacional contra a violencia de xénero (de 1º a 6º)	Novembro	Escribimos un manifesto lido na praza do concello ademais de facer dous lazos de distintos materiais.
4	Día da Constitución Española (de 1º a 6º)	Decembro	Reescribimos artigos da Constitución española para adecualos á igualdade de xénero e realizamos un escape room.
5	Títeres pola igualdade (de 1º a 6º)	Decembro	Sesión de contacontos sobre igualdade de xénero para o centro pola nosa participación no proxecto G-BOOK.
6	A paz ten nome de muller (de 1º a 6º)	Xaneiro	Investigación e exposición de mulleres Premio Nobel da Paz.
7	Día da muller e a nena na ciencia (de 1º a 6º)	Febreiro	Investigación e exposición de mulleres científicas do entorno.
8	O casamento dos paxariños (de 1º a 6º)	Febreiro	Creación de cartas de amor e amizade respectando a igualdade de xénero e as diferenzas.

9	O Entroido (de 1º a 6º)	Marzo	Investigación sobre mulleres escritoras de libros ou películas.
10	Día da Muller traballadora (de 1º a 6º)	Marzo	Analizamos uns vídeos feitos no centro previamente sobre a fenda salarial entre homes e mulleres.
11	Semana da prensa (de 1º a 6º)	Marzo - abril	Analizamos os anuncios sexistas. Creamos anuncios reivindicando a igualdade.
12	Día de Rosalía (de 1º a 6º)	Febreiro	Elaborouse un mural co traballo feito sobre a figura de Rosalía así como cos poemas creados polo alumnado que posteriormente se leron na radio.
13	Contacontos de Maruja Mallo (2º)	Marzo	Contacontos que nos serviron para coñecer mellor a Maruja Mallo.
14	Obradoiros de igualdade (1º)	Maio	Obradoiros da asociación Érguete sobre igualdade para alumnado e familias
15	Obradoiros nais e fillas (de 1º a 6º)	Maio	Obradoiros do Café Moderno de Pontevedra sobre as diferenzas de oportunidades nas diferentes xeracións ademais do análise da publicidade sexista.
16	Charlas sobre feminismo (5º e 6º)	Maio	Informaron sobre a historia da asociación, cales son as súas

			funcións na sociedade ademais de resolver dúbidas do alumnado
17	Charlas avoas no horto (1º)	marzo	As avoas viñeron contarnos como facer un horto produtivo.
18	Charlas de oficios (1º)	Xuño	Charlas de mulleres con oficios pouco habituais como axente forestal, futbolista, comandante...
19	Elaboración dun audiolibro (2º)	Outubro	Creamos un audiolibro coas fotos das 63 mulleres investigadas e a voz do alumnado coas súas pescudas.
20	Maletas pola igualdade (CEFORE) (1º a 6º)	Marzo	Exposición de Libros pola igualdade cedidos polo CEFORE
21	Día das Bibliotecas escolares (1º a 6º)	Outubro	Creación de contos e dramatización dos mesmos entre niveis.
22	Festival fin de curso (2º, 4º e 6º)	Xuño	Representación teatral como produto final das investigacións.
23	Revista Escolar “Murmurio” (de 1º a 6º)	Xuño	Recolle algúns dos traballos feitos durante o ano.
24	Crear unha biblioteca libre de contidos sexistas (de 1º a 6º)	Todo o ano	Renovación do espazo da biblioteca facendo un expurgo dos fondos.
25	Mulleres relevantes da historia da música. (1º a 6º)	Todo o ano	Investigación e exposición sobre mulleres relevantes na historia da música

F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Recursos persoais: Todo o profesorado do centro co apoio dos equipos do centro destacando a labor do equipo de biblioteca, as familias e especialistas na materia de diferentes asociacións ou organizacións.

Recursos materiais: Ordenadores (dispoñemos de 5 como mínimo en cada aula o que nos permite dispor de un para cada grupo, varios na biblioteca e 2 aulas Edixgal), cámara de fotos, impresoras, fotocopiadora, pantallas, tablets (do centro e do CEFORÉ), robots DASH e mbot, proxectores, fondo de libros da biblioteca, disfraces, pinturas, ósos, caixas de cartón, area, masa de modelar ...

Fontes consultadas:

101 Grandes Mujeres de la Historia. Ed. Susaeta.

Valerosas de Penélope Bagieu.

100 Mujeres que cambiaron el mundo. Ed. RBA

Las chicas son guerreras de Irene Cívico e Sergio Parra.

Las princesas llevan pantalones de Savannah Guthrie e Allinson Oppenheim

El lápiz Mágico de Malala de Alianza Editorial.

Rosa pionera ingeniera de Andrea Beaty.

Ada magnífica científica de Andrea Beaty.

Cuando las niñas vuelan alto de Raquel Díaz Reguera

El gran libro sobre Roma. Ed. Combel

Recursos web

<https://mujeresconciencia.com//>

<http://arquehistoria.com/la-mujer-en-la-roma-antigua-5522>

<http://convigotablets.blogspot.com/search/label/ChatterPix%20Kid>

<https://andainaredondela.wordpress.com/>

<https://www.uvigo.gal/es/node/167890#>

<http://www.acitania.com/>

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A colaboración das familias no proceso de ensino-aprendizaxe foi fundamental sobre todo tendo en conta que o noso obxectivo primordial é o alumnado a partir da súa propia realidade buscando sempre unha aprendizaxe para o desenvolvemento das competencias e vivencial. Polo tanto, desde o principio informamos ás familias de todos os aspectos relacionados co proxecto e solicitamos a súa colaboración así como as suxestións que puideran aportar.

Tamén foi moi importante a implicación da ANPA

Tamén contamos coa colaboración do Concello e diferentes asociacións da contorna

No produto final do proxecto as familias asistiron a un festival no que o alumnado de 2º 4º e 6º fixeron dramatizacións facendo fincapé na igualdade de xénero.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os momentos máis significativos do curso foron publicados na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepsantamarina/e> no blog da biblioteca (O mundo de Nana) <http://bibliotecasantamarina.blogspot.com/>.

Tamén podedes atopar o vídeo do festival na canle de youtube do noso centro. Aquí vos deixamos un enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=9jdOvknBhJg>

Ademais toda a actividade do centro foise dando a coñecer polo programa de radio escolar “ A nosa Voz” que temos no centro, así como a través de distintos murais.

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS.

A avaliación fíxose, no referente ao proxecto TRABALLANDO EN FEMININO, sobre as aprendizaxes logradas polo conxunto do alumnado e sobre o propio proceso de ensino-aprendizaxe.

O proxecto partiu dunha avaliación inicial do alumnado e logo levouse a cabo de xeito continuado tendo en conta os criterios de avaliación para tratar de paliar aquelas dificultades que foron aparecendo e obstaculizaban a consecución das competencias clave, así como tamén unha avaliación final para valorar o nivel de logro acadado.

Para realizar os diferentes tipos de avaliación (autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación) empregamos diferentes procedementos e instrumentos.

Observación continua do desenvolvemento do alumnado ao longo do proxecto para o que empregamos listas de control e rexistro anecdótico. Análise das producións a través do caderno, producións escritas, resolución de problemas. Intercambios orais durante as asembleas e postas en común. Gravacións .Rúbricas para as exposicións e traballos audiovisuais e algunha proba con eleccións múltiples.

Para avaliar o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente fixemos ao longo do curso reunións periódicas para coordinarnos, organizar e deseñar as tarefas coordinadas dende o equipo de biblioteca o que nos permitía ir facendo as modificacións e adaptacións pertinentes.

Para atender á diversidade empregamos diferentes medidas que foron moi efectivas destacando: a aprendizaxe monitorizada con iguais, o traballo por grupos, a variedade de formatos de traballo, a aprendizaxe a través de experiencias e manipulacións...

No que se refire a valoración do proceso e do logro que en xeral foi moi satisfactoria pero concretamente:

- No alumnado: durante a proceso da posta en marcha do proxecto, que desenvolve o tema elixido, o alumnado foise facendo consciente das diferentes dificultades que se poden atopar en relación coas diferencias de xénero, así como foron quen de ir buscando e proponendo solucións. O nivel de logro respecto aos obxectivos iniciais é satisfactorio xa que temos un alumnado concienciado coas diferencias de xénero así como foron quen de mellorar as súas actitudes e reflectilas fóra das aulas contribuindo deste xeito a formar unha sociedade cada vez máis igualitaria.
- No profesorado: durante o proceso todo o profesorado foi evolucionando dende a pasividade (nalgúns casos) respecto a algunhas das diferencias de xénero a mostrar unha actitude de implicación, coordinación e colaboración co resto das compañeiras e dos compañeiros, para deste xeito cambiar algunhas actitudes pasivas respecto a este tema pasando a formar parte activa do cambio. O nivel de logro respecto aos obxectivos iniciais é moi satisfactorio xa que implicou unha maior concienciación respecto ás diferencias de xénero así como promover diferentes

accións e actitudes para minimizalas tanto a nivel persoal coma profesional en distintos aspectos da súa vida.

- Comunidade educativa: durante o proceso de posta en marcha das actividades a comunidade educativa foi evolucionando dunha menor participación a ser un axente activo e imprescindible no adecuado desenvolvemento das mesmas. O nivel de logro en xeral é positivo aínda que seguiremos traballando para mellorar e deste xeito conseguir unha sociedade máis igualitaria.

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

O CEP Santa Mariña é un centro cun enfoque do ensino en pro da inclusión, a introdución das novas tecnoloxías e metodoloxías activas destacando os proxectos e o traballo cooperativo.

Tendo en conta esta filosofía a Biblioteca, motor de dinamización, que coordina a acción educativa no centro xunto coa xefatura de estudos, presenta diferentes propostas para impulsar e fomentar a investigación. Esas propostas son formuladas tendo como marco o tema do proxecto xeral de centro elixido a votación polo alumnado a partir de varias opcións que eles mesmos propoñen e que o equipo de biblioteca selecciona e concreta.

Traballando en feminino xurde deste xeito, como tema para este ano polo que en setembro, lévase a cabo unha reunión conxunta de coordinadores de todos os equipos xunto coa xefa de Estudos para escoller e distribuír o traballo por niveis. De aí saen varios sub-proxectos e propostas de actividades para cada unha das conmemoracións que se celebran ao longo do curso tendo sempre como obxectivo o fomento da lectura, da escritura, da investigación, formación de usuarios etc.

Este ano levouse a cabo unha reforma integral do espazo físico destinado á biblioteca e decidimos que estivera presente en cada un dos recunchos do centro, patio de recreo “ Bibliopatio” ou creando bibliotecas de nivel nos corredores correspondentes que estarían dotadas coa bibliografía necesaria para a realización das súas tarefas. Con esta medida pretendiamos achegar aos libros e a lectura ao alumnado.

Esta reforma implicou que os fondos que quedaron na biblioteca fosen novidades e respectasen a igualdade de xénero e quedase unha selección de libros relacionados cos diferentes proxectos dos niveis entre os que destaca A muller a través da historia así como do proxecto de centro traballando

en feminino. A biblioteca serviu así como lugar de investigación, de coordinación, de busca de información, de descanso e lecer...

Finalmente cómpre remarcar que a Biblioteca aportou os recursos necesarios para a realización deste proxecto través do Plan lector e do Plan escritor proporcionando as pautas necesarias para os traballos de lectura e escritura, e coordinando ademais as tarefas levadas a cabo con motivo das conmemoracións, así como outras actividades interesantes que estaban vencelladas co proxecto de centro Traballando en feminino entre elas podemos mencionar: Actividade de investigación sobre mulleres Premio Nobel da Paz, a exposición sobre mulleres científicas do entorno con motivo do Día da muller e a nena na ciencia, os vídeos sobre a fenda salarial elaborados para analizar o Día da muller traballadora...